

MEMORIA ANUAL

MINIRESIDENCIA BAOQUIVI

-2020-



BaoQUIVI
FUNDACIÓN

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
1.1. PERFIL XURÍDICO	3
1.2. OBXECTO SOCIAL	3
2. DATOS XERAIS DA ENTIDADE	4
2.1. PRESENTACIÓN DA ENTIDADE. MISIÓN	4
2.2. VISIÓN E VALORES	4
2.3. SERVIZO OFERTADO	5
2.4. ORGANIGRAMA.....	5
3. MEMORIA ESTADÍSTICA.....	6
3.1. MENORES ATENDIDOS E ATENDIDAS	6
4. ANÁLISE DA XESTIÓN REALIZADA	9
4.1. RECURSOS HUMANOS	9
4.1.1. <i>Persoal</i>	9
4.1.2. <i>Alumnado en prácticas</i>	9
4.1.3. <i>Formación do persoal</i>	9
4.2. RECURSOS MATERIAIS	10
4.2.1. <i>Instalacións. Necesidades detectadas e obras realizadas</i>	10
4.2.2. <i>Equipamento. Detección de necesidades e novas adquisicións</i>	10
4.3. RECURSOS TÉCNICOS	12
4.3.1. <i>Documentos. Valoración de la eficacia y uso práctico.</i>	12
5. RELACIÓNS EXTERNAS DA ENTIDADE.....	13
5.1. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS	13
7. PROPOSTAS DE MELLORA	14

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Perfil xurídico

A Fundación Barata Ojea -Quiroga Villarino Constituíuse o 22 de xuño de 1985, ten carácter privado, autónomo e independente, inscrita como institución benéfico docente co Nº 162 do Rexistro de Fundacións da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Está declarada de interese Galego por Orde, de data 13 de xuño de 1.986 e inscrita no Rexistro de Entidades de Servizos Sociais de Galicia co Nº F-0302. Rexéndose polo seu propio Estatuto fundacional, adaptado a Lei 2/2006.

1.2. Obxecto social

A Fundación BaoQuivi, adica o centro Miniresidencia BaoQuivi ó acollemento de menores que se achen en situación de desamparo, nun ambiente de convivencia familiar, responsabilizándose, ademais, da súa formación cultural e orientación profesional. Labor que desempeña dende fai mais de 35 anos, actualmente por contrato administrativo de servizos coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

Para lograr dita meta, entendemos clave a figura dos e das profesionais que traballan a diario cos nenos, nenas e adolescentes, polo que o Padroado da Fundación -máximo órgano de goberno- e a Dirección do centro, valoran o seu compromiso, responsabilidade, dinamismo, motivación, constante formación e lealdade, erguendo estes valores como máxima do centro, pois entendemos que o comportamento e actitude do persoal de BaoQuivi serán valores repercutidos aos nenos, nenas e adolescentes para dar respostas concretas ás necesidades de cada un deles e delas e crear canles axeitadas para compensar e satisfacer as súas carencias persoais, familiares e sociais.

Ofrecemos ós e ás menores un **ambiente de acollida, seguridade e afecto**, para axudarlle a descubrir e desenvolver as súas capacidades físicas, intelectuais e afectivas.

Promovemos a súa **inserción na sociedade** de forma **responsable e construtiva**, fomentando relacións de convivencia, solidariedade, tolerancia, etc.

Potenciamos a **formación ética e transcendente** como ferramenta para que vivan a súa vida con pleno sentido.

Creemos firmemente na **igualdade** das persoas polo que, independentemente de raza, sexo ou relixión de cada menor, educaráselle con **valores de xustiza, igualdade e respecto**. Traballando sempre nun ámbito de mellora continua, pretendemos mellorar o noso ámbito de actuación.

A finalidade da Minirresidencia BaoQuivi é a de ofrecer aos nenos, nenas e adolescentes unha atención integral, en todas as áreas da súa persoa, a través do acompañamento diario e o afecto, todo dentro dun ambiente o máis parecido a unha familia. En todo momento detectando, mediante diferentes indicadores de seguimento individual para mellorar a situación persoal de todos os e as menores, tendo en conta as perspectivas de futuro de cada caso.

2. DATOS XERAIS DA ENTIDADE

2.1. Presentación da entidade. Misión

A Minirresidencia BaoQuivi ten como **MISIÓN** fundamental dar unha formación integral aos nenos, nenas e adolescentes mediante o fortalecemento dun ambiente familiar a partir de tres eixes articuladores: a confianza dentro dun marco o máis parecido a unha familia, a responsabilidade que asumimos na nosa intervención educativa e a prevención das situacións de risco, erradicando situacións de desvantaxe social por razóns persoais, sociais, culturais, etc. e potenciando a súa integración social.

2.2. Visión e valores

A nosa **VISIÓN** consiste en ser un centro recoñecido no ámbito local pola implemmentación de programas de acción social, educativos e de promoción de voluntariado, caracterizado por:

- O traballo con menores, mozos e mozas en situación de vulnerabilidade.
- A difusión dos nosos valores.
- A xestión e mellora continua de propostas socioeducativas adecuadas á realidade cambiante das contornas onde traballamos, considerando aos nenos, pícaras e adolescentes como protagonistas activos de cambio e transformación social.
- A denuncia das causas que xeran calquera tipo de desigualdade e exclusión.
- A confianza creada entre as institucións públicas e privadas pola nosa xestión transparente.
- empeño por continuar e compartir o soño da Fundación para seguir xerando oportunidades de crecemento e acompañamento, particularmente con aquelas persoas que máis o necesitan, facéndonos eco das súas aspiracións.

Os **VALORES** que queremos compartir, vivir, infundir e transmitir aos e as menores mediante o noso servizo son os seguintes:

- **Confianza:** apostar por cada neno, pícara e/ou adolescente, descubriendo todo o potencial que levan no seu interior e dar as ferramentas oportunas para poder desenvolvelo.
- **Ambiente familiar:** ofrecerlles un espazo onde se sintan seguros/as, queridos/as e protexidos/as, cubrindo todas as súas necesidades básicas.
- **Atención personalizada:** unha intervención individualizada e integral con cada persoa, partindo da súa realidade actual.

2.3. Servizo ofertado


A nosa intervención baséase na atención personalizada, acompañamento, formación integral e promoción dos e as menores para unha posterior inclusión na sociedade. Por convenio coa Xunta de Galicia, ofértanse un total de 14 prazas -10 prazas de atención integral, unha delas especial, e 4 prazas de atención de día-, contando cunha distribución típica de espazos dunha vivenda familiar. En xuño do pasado ano 2020, dende a Inspección de Servizos Sociais, concédese a autorización respecto a ampliación de prazas, autorizando á Miniresidencia a un total de 15 prazas en atención residencial e 4 prazas en atención de día.

O centro ofrece dous programas ou modalidades de acollemento:

- **Residencial:** que reproduce as condicións de vida da persoa menor de forma máis próxima á dunha familia normalizada, desde o formato da vivenda ata a súa atención integral e compensadora das súas deficiencias.
- **Unidades de atención de día integrada en centro residencial -unha delas, é unha plaza especial-:** presta atención a de carácter diúrno e proporciona aos e as menores diversas atencións durante o día, prestando servizos complementarios de soporte e apoio ás familias e contribuíndo a paliar as súas carencias e a mellorar o seu proceso de normalización socio-familiar.

2.4. Organigrama

O organigrama da entidade é o seguinte:




3. MEMORIA ESTADÍSTICA

3.1. Menores atendidos e atendidas

Existe un total de 14 prazas concertadas, sendo 10 de atención residencial -unha delas especial- e 4 en atención de día. Estas prazas están destinadas a menores entre os 6 e os 18 anos de idade aínda que cabe a posibilidade de que cheguen a realizarse altas de menores con idade inferior aos 6 anos.


Durante o ano 2020 atendéronse un total de 22 menores no centro.

Tendo en conta o xénero dos e das menores, pódese ver que é un resultado moi equilibrado, cun 53,3% de nenas/adolescentes e un 46,7% de nenos/adolescentes ao longo de todo o ano.



(Gráfica porcentaxe segundo xénero. Miniresidencia BaoQuivi 2020)

Ao longo do ano 2020, atopáronse rapaces e rapazas con idades comprendidas entre os 18 –maioría de idade- e os 6 anos os de menor idade.




(Gráfica porcentaxe segundo idades. Miniresidencia BaoQuivi 2020)

Ao falar da ocupación anual, tense en conta que o número de prazas totais destinado a **atención Residencial** é de 10 -reservando unha delas a ocupación dunha praza especial-. Como se

pode observar na gráfica, preséntase sobreocupación na maior parte dos meses, amosando os máximos nos meses de marzo, abril e maio cunha ocupación do 140%.

Hai que ter presente que en todo o ano non se baixa da ocupación máxima, sendo os meses con menor cantidade de menores residindo no recurso os de xuño e xullo. De todos xeitos, a ocupación é do 100%.


O descenso producido en ambos meses foi motivado pola estadia no domicilio durante o confinamento no caso dos nenos e nenas en atención diurna, esta transcurriu sen incidencias relevantes e fixose unha nova valoración da situación por parte do Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica daqueles menores que levaban mais tempo no centro.



(Gráfica ocupación atención residencial. Minirresidencia BaoQuivi 2020)

Tendo en conta os motivos da alta dos e das menores, podemos observar que son moi diversos, primando a situación de risco na que se atopaban os e as menores, seguido da situación de desamparo.


Por outra banda, aprécianse casos nos que os motivos foron a solicitude de protección parental, situación laboral dos e dos proxenitores e mesmo a enfermidade común do proxenitor ou proxenitora.



(Gráfica porcentaxe segundo motivos de ingreso. Minirresidencia BaoQuivi 2020)

Os motivos das baixas, ao longo do ano foron catro: retorno coa familia biolóxica -o que se da en maior medida-; como segundo motivo, cese da garda; e por último, cambio de centro e maioría de idade.

Hai que ter en conta que o noso obxectivo último, e do Servizo de Menores, é a reintegración familiar cando as características da familia son as apropiadas -logo do traballo transversal que se realiza en canto a Intervención Familiar, dende o propio centro e en coordinación con outros Servizos e Entidades-. Como se observa na gráfica no ano 2020, chegouse a conseguir en diversas ocasións.



(Gráfica reconto motivo de baixa. Minirresidencia BaoQuivi 2020)

Os tempos de permanencia dos nenos, nenas e adolescentes que viven na Miniresidencia, na maioría dos casos, aumentan debido á situación sociofamiliar. Os motivos principais relaciónanse coa carencia de ferramentas para diminuír os factores de risco que provocan o ingreso no centro e coa carencia de familiares de referencia. Por iso, os nenos, nenas e adolescentes, pasan largos períodos de tempo na Miniresidencia BaoQuivi.

O tempo de estancia promedio en anos no 2020 foi de 1'85 anos polo que acádese o obxectivo proposto de non superar os dous anos por termo medio de estancia dos nenos, nenas e adolescentes que viven na Minirresidencia.

Se facemos alusión aos datos obtidos no ano 2019, donde a media era de 2'12 anos, obsérvase unha mellora neste senso.

4. ANÁLISE DA XESTIÓN REALIZADA

4.1. Recursos humanos

4.1.1. Persoal

A plantilla actual da Miniresidencia confórmase por oito educadores/as sociais -unha das educadoras exerce a Dirección do centro-, catro auxiliares técnicas educativas -unha delas, contratada de xeito temporal para dar cobertura a períodos vacacionais-, unha auxiliar de servizos xerais e unha cociñeira.

Todo as persoas que conforman a Miniresidencia BaoQuivi gozan dun contrato a xornada completa grazas ao esforzo que realiza a Fundación, que ten como obxectivo poder manter unha plantilla de traballadores e traballadoras con condicións contractuais favorables para cada un dos perfís profesionais que traballan dentro desta.

4.1.2. Alumnado en prácticas

Dende a Fundación e a Miniresidencia, establécense diferentes contactos coa Universidade de Vigo para mellorar a relación existente e ter a posibilidade de seguir fomentando a unión creada ata o de agora e, así, fomentar a consecución de obxectivos de xeito transversal entre ambas entidades.

Por medio do convenio de colaboración entre ambas, aténdense a un total de 2 persoas en prácticas durante o ano 2020 xa que a situación provocada pola COVID limitou a inserción do persoal de prácticas que estaba pensado para iniciar o seu proceso formativo durante o ano académico.

4.1.3. Formación do persoal

No ano 2020, realizouse unha análise sobre a formación requirida para o desenvolvemento da nosa labor, tras unha posta en común do persoal e analizando as necesidades do centro e dos nenos, nenas e adolescentes da Minirresidencia, ao inicio de ano, crease un plan de formación para ser aplicado ao longo do ano. Tamén se tivo presente para a busca de formación específica derivada da incorporación de novo persoal laboral.

Estableceuse que todo o persoal laboral asistise a algún tipo de formación, aínda que, finalmente e en gran medida por mor da situación actual provocada pola COVID soamente asistitu un 50% da plantilla a algún tipo de formación. Tendo que deixar a outra parte da plantilla sen a formación prevista de xeito presencial.

A formación laboral realizada é a seguinte:

NECESIDADE DETECTADA	TÍTULO CURSO	FORMADOR	DATA PREVISTA	DATA REAL	ASISTENTES
Formación en Intervención específica	O educador axente do cambio na atención residencial. Sesión 2	AGACEME	8/02/2020	8/02/2020	Dirección e tres educadoras
Formación Inicial Prevención Riesgos Laborais	Prevención de riesgos laborales	PREVISONOR	5/05/2020	15/05/2020	Auxiliar técnica educativa
Formación Inicial Manipulación de Alimentos	Manipulador de alimentos	FORMANOR	5/05/2020	15/05/2020	Auxiliar técnica educativa
Formación Inicial Primeiros Auxilios	Primeiros auxilios	FORMANOR	5/05/2020	15/05/2020	Auxiliar técnica educativa
Formación Inicial Prevención Riesgos Laborais	Prevención de riesgos laborales	PREVISONOR	26/08/2020	5/10/2020	Educador
Formación Inicial Manipulación de Alimentos	Manipulador de alimentos	PREVISONOR	26/08/2020	23/09/2020	Educador
Formación Inicial Primeiros Auxilios	Primeiros auxilios	PREVISONOR	26/08/2020	23/09/2020	Educador
Intervención con adolescentes no consumo de tabaco ou outras drogas	El consumo de tabaco+cannabis. Proxecto EVICT. Sesión 1	EL PLAN DE DROGAS_PROYECTO EVICT	29/10/2020	29/10/2020	Un educador e unha educadora
Intervención con adolescentes no consumo de tabaco ou outras drogas	El consumo de tabaco+cannabis. Proxecto EVICT. Sesión 2	EL PLAN DE DROGAS_PROYECTO EVICT	5/11/2020	05/10/2020	Un educador e unha educadora
Intervención con adolescentes no consumo de tabaco ou outras drogas	El consumo de tabaco+cannabis. Proxecto EVICT. Sesión 3	EL PLAN DE DROGAS_PROYECTO EVICT	12/11/2020	12/11/2020	Un educador e unha educadora
Intervención con adolescentes no consumo de tabaco ou outras drogas	El consumo de tabaco+cannabis. Proxecto EVICT. Sesión 4	EL PLAN DE DROGAS_PROYECTO EVICT	19/11/2020	19/11/2020	Un educador e unha educadora

(Táboa plan de formación laboral. Miniresidencia BaoQuivi 2020)

4.2. Recursos materiais

4.2.1. Instalacións. Necesidades detectadas e obras realizadas

Ao longo do ano 2020, seguironse equipando as diferentes salas das que dispón o centro. E, tamén, se iniciou aillamento da terraza -situada na planta 1- cun novo material que recobre o chan dunha das zonas de lecer máis importantes para os rapaces e rapazas do centro. Deste xeito, tamén se mellorou o aillamento en relación a húmidades que se poideran producir.

Durante o ano, detectouse a necesidade de poder ir realizando melloras en relación a diferente maquinaria empregada (lavandería e cociña) para poder dispoñer de medios con sistemas que sexan máis sostibles e axilicen o traballo diario do persoal de servizos xerais e cociña.

Por outro lado, dende o centro e coa opinión de diferentes traballadores e traballadoras mediante as enquisas anuais de satisfacción e detección de necesidades, a gran maioría de traballadores e traballadoras destaca a importancia de incorporar dentro dos centros de protección -como a Miniresidencia-, diferentes perfís profesionais (exemplo, psicólogos/as ou mestres/as).

O perfil dos nenos, nenas e adolescentes, como explicamos anteriormente, non deixa de ser moi cambiante e as situacións polas que son atendidos ou atendidas no Sistema de Protección son moi diversas polo que, se cre fundamental poder valorar a opción de incorporar novos perfís dentro dos propios centros.

A situación actual que se está a vivir, deixou de manifesto a importancia de moita mais formación de xeito permanente para o persoal que ocupa diferentes categorías -con funcións e labores propias- nos centros. Por iso, dende a Fundación BaoQuivi se ten establecido un Plan de Formación que engloba e da cobertura a este tipo de imprevistos, deixando de manifesto que a formación e a creación de Plans de Formación sólidos dentro das entidades respecto a este aspecto é fundamental, cuestión que nos gusta por en valor dentro da nosa entidade -a formación permanente para o noso persoal é un dos nosos piares fundamentais-.

4.2.2. Equipamento. Detección de necesidades e novas adquisicións

Dende a Fundación e a Miniresidencia cremos que o mantemento e o correcto funcionamento de todos os recursos materiais do centro son unha clara prioridade. Por iso, este ano levamos a cabo unha serie de melloras materiais, algunhas delas programadas e outras que se realizaron logo de detectar certas necesidades.

Durante o ano, adquiriuse o equipamento, que, polo seu uso cotián, se foi deteriorando pero tamén se xestionaron novas adquisicións que enriqueceron as prestacións das instalacións en beneficio dos e das menores. Ante estas, podemos destacar:

- Un novo ordenador portátil para emprego do persoal laboral.
- Dous equipos de altavoces completos para uso e disfrute dos rapaces e rapazas da Miniresidencia.
- Dous novos televisores de pantalla plana para as estancias do centro, unha delas un televisor de dimensión superior para empregar para diferentes fins (plantexamento de programación anual, formación, etc).
- Equipos de climatización (sala de estudos, sala de reunións, sala multiusos, sala de actividades e despachos) para poder afrontar as temperaturas altas coas que nos sorprende o climatoloxía da provincia.
- Dous novos teléfonos móbiles para emprego do persoal laboral nas saídas do centro.
- 4 novos armarios para seguir modernizando as estancias empregadas polos rapaces e rapazas, neste caso as habitacións da Miniresidencia.
- Novo mobiliario para persoal laboral en zonas comúns.
- Material relacionado coa mellora no tempo de lecer dos e das menores no interior do centro: xogos de mesa, xogos de Play Station, etc.
- Canasta profesional de baloncesto para a zona de lecer -terraza-.
- Novo material deportivo: balóns, raquetas, patíns, redes para practicar outros deportes, etc.
- Novo sistema de videoportería no centro.

- Ampliación da rede wifi nas nosas instalacións, contando todo o edificio cunha boa cobertura no sinal.
- Incorporación de nova metodoloxía de traballo en rede grazas as diferentes plataformas dixitais.

4.3. Recursos técnicos

4.3.1. Documentos. Valoración de la eficacia y uso práctico.

O noso equipo educativo está a utilizar todos os documentos e rexistros que se establecen nos protocolos de centros de protección de menores da Xunta de Galicia. Os rexistros facilitan a nosa tarefa de seguimento e avaliación, tanto dos proxectos educativos individualizados como do conxunto da planificación feita para o ano, achegando organización e sistemática ao noso traballo.

É importante sinalar que o enchemento dos rexistros e a elaboración da documentación requirida, supón moitas horas de traballo para o Equipo Educativo, co que hai un risco de burocratización que, desde a nosa parte, queremos minimizar para dedicar o maior tempo posible á intervención directa e diaria cos nenos, nenas e adolescentes. Por iso, temos especial interese en adaptar esta documentación, sobre todo en canto a rexistros, á nosa realidade e ás características do o noso centro.

Entendendo o proceso de mellora continua no que nos vimos insertas/os ao ser recoñecidas/os coa certificación de calidade ISO 9001:2015 no pasado mes de decembro do ano 2019.

Durante o ano 2020, seguiuase a mellorar a documentación do centro e o propio Sistema de Xestión coa incorporación de novos indicadores de seguimento diario que seguiron minimizando o noso traballo de “oficina” e nos axudou a poder ter unha visión moito mais global do traballo realizado. Deste xeito, voltamos a pasar con éxito, e sen ningún tipo de non conformidade rexistrada, o seguimento da calidade anteriormente mencionada.



4.4. Recursos económicos

4.4.1. Presuposto

A única fonte de ingresos para desenvolver este recurso durante o 2020 provén do Contrato de Xestión de Servizos Públicos asinado coa Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

Toda a programación anual foi levada a cabo co orzamento asignado e a viabilidade sostívose de maneira adecuada gracias a unha xestión coidadosa por parte da Fundación.

5. RELACIÓNS EXTERNAS DA ENTIDADE

5.1. Relacións institucionais

As relacións institucionais máis significativas foron as seguintes:

- **Fiscalía de Menores:** enviáronse os informes de seguimento dos menores cando foron solicitados.
- **Equipo Técnico de Menores:** antes da chegada do menor establécese o primeiro contacto cos técnicos para que nos informen da situación (sempre en caso de internamento normalizado, se fóra de urxencia suprímese este paso). Por outra banda, tamén temos contactos frecuentes para manter informado o equipo técnico da evolución dos menores. Tamén se recibiron visitas de diferentes Equipos para poder realizar entrevistas cos menores e poder coñecer os cambios en primeira persoa que se sucederon ao longo do ano 2019 - tanto a nivel de plantilla laboral como de reestruturación nas dependenzas.

5.2. Inspeccións realizadas

Este ano recibimos dúas inspeccións por parte da Inspección de Centros onde non se produciu requiremento de información por a súa parte, nin se deixou constancia de ningunha deficiencia nin de ningún requirimento de carácter grave.

Tamén se recibiu unha visita de Sanidade onde non se deixou constancia de ningún tipo de incidencia ou cuestión salientable.

E, dende a Fiscalía, durante o ano 2020, tivéronse dúas inspeccións de seguimento por videoconferencia e facilitouse a información solicitada mediante un requerimento achegado ao centro, ao igual que se lles fixo achega de toda a documentación solicitada de todo neno, nena e adolescente acollido/a na Miniresidencia BaoQuivi no transcurso do ano 2020.

6. PROPOSTAS DE MELLORA

Para o próximo ano temos previstas as seguintes melloras:

- Seguir mellorando os nosos procedementos internos co obxectivo de acadar unha maior eficacia nas nosas actuacións de cara á mellora do seguimento e intervención diaria dos/as menores e as seguintes revisións de calidade.
- Seguir realizando cambios co obxecto da busca de mellora continua constante, procurando estabilizar os mesmos para seguir creando un Sistema de Xestión férreo.
- Seguir mantendo e mellorando o sistema de xestión de calidade (ISO 9001:2015).
- Realizar melloras en canto á relación da programación coas áreas específicas de cada Proxecto Educativo individualizado do/a menor.
- Mellorar o sistema de seguimento e control das melloras do centro.
- Mellorar as instalacións e reformar as dependencias que así o requiran.
- Facilitar espazos adecuados a cada menor.
- Repoñer e renovar o equipamento e instalacións.
- Realizar de forma continuada reunións co persoal do centro, realizando un seguimento das mesmas.
- Crear novos procedementos dentro do Manual de Calidade do noso propio Sistema de Xestión para seguir mellorando a operativa en diferentes cuestións.
- Crear novos indicadores de seguimento a nivel operativo para conseguir datos máis concretos dos diferentes eidos.
- Seguir dotando de formación continua aos e a traballadores –formación externa e interna-.
- Mellorar a formación específica do plan de formación.